



# <http://miscelanea.aestrada.com> O encontro dixital coa cultura estradense

Juan Luis Blanco Valdés  
juanblv82@gmail.com



Nun acto que decorreu na Casa Consistorial foi presentado o 5 de xullo de 2011 o portal dixital de *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*. No acto participaron o alcalde da Estrada, José López Campos; o director da revista, Juan Andrés Fernández Castro; o coordinador editorial da mesma, Juan L Blanco Valdés e Carlos Andújar e Javier Ramos en representación de *A Estrada Dixital*.

Con catorce anos de historia e xa consolidada como unha publicación periódica de referencia no eido da historia local, a revista *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural* adiántase á maior parte de publicacións do seu ámbito presentando ao público o seu portal dixital que fai accesible vía internet a totalidade dos volumes editados dende calquera recuncho do planeta. O proxecto promovido pola revista foi montado tecnicamente por persoal de *A Estrada Dixital*, contempla a edición electrónica da revista nunha atractiva interfa-



Acto de presentación da edición dixital. De esquerda a dereita: Juan Andrés Fernández, director da revista; José López Campos, Alcalde da Estrada, Juan Luis Blanco Valdés, coordinador editorial, e Carlos Andújar, director de "A Estrada Dixital". Fotografía de María Fariña para *Faro de Vigo*. Cortesía de Foto Bernabé.

ce dende dous perfís diferentes (divulgación e investigación) e incorpora os avances máis sofisticados neste tipo de plataformas: lectura sintetizada de índices; posibilidade de compartir en redes sociais; procuras con metadatos (autor, título, palabras clave, etc.) e procuras cruzadas; identificadores de obxectos dixitais; navegación textual en liña ou descargas totais ou parciais de pdfs... Canto á protección da propiedade intelectual, malia que a

revista se ofrece en *open access* ou acceso aberto e sen ningún tipo de restricións respondendo á filosofía imperante no mundo da comunicación científica e académica, todos os contidos están protexidos, ademais de pola lexislación xeral, por licenzas Creative Commons específicas. A miscelánea dixital é accesible dende a web do Museo do Pobo Estradense (<http://museo.aestrada.com/>) anque conta cun enderezo propio: <http://miscelanea.aestrada.com>. Por outra parte, para non interferir na difusión comercial da revista impresa, cada novo volume será editado en dixital só un ano despois da súa edición impresa. O proxecto inmediato dos responsables da revista é desenvolver o perfil de investigación e, a medio prazo, intensificar a visibilización e *branding* internacional da revista a través do seu aloxamento en Google Books Search.